

Nota sobre o procedemento de concurso de méritos para cubrir dúas prazas de persoal funcionario na institución do Valedor do Pobo.

Advertida incidencia en el procedemento de concurso de méritos para cubrir dúas prazas de persoal funcionario nesta Institución comunicouse a todos os participantes a seguinte Notificación:

“Advertidos erros no formulario que figura na nosa web para participar no concurso de méritos para a provisión de dúas prazas vacantes na Institución do Valedor do Pobo, convocada por Resolución de 15 de novembro de 2021 (DOG número 225, do 23 de novembro) e relativos a limitación temporal de 15 anos para realización de cursos, e a inclusión das organizacións sindicais como organizadoras de cursos de formación, cumpre proceder a súa corrección.

Estes erros foron corrixidos no formulario da web establecendo o seguinte, de acordo cas bases correspondentes da Resolución de Convocatoria publicadas no Diario Oficial de Galicia:

1.- Procedeuse á eliminación no apartado 2 de valoración de cursos de formación e perfeccionamento, da esixencia de que fosen realizados nos 15 anos anteriores á data da convocatoria do concurso

2.- Procedeuse a inclusión, como mérito valorable, no apartado 2 dos cursos de formación e perfeccionamento de aqueles impartidos polas “organizacións sindicais”.

Xa que vostede ten presentado o formulario xeral para o concurso, no caso de que tivese realizado cursos de formación cunha antigüidade maior aos 15 anos e non os incluíse, así como se ten realizado cursos impartidos polas organizacións sindicais, prégoles que nos remita a relación dos mesmos, presentandoo asinado no Rexistro da Institución do Valedor do Pobo ou por calquera dos lugares que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas dentro do prazo de dez días hábiles, os efectos da súa computación nos méritos correspondentes recollidos nas bases que rexen este concurso.

O que lle notifico os oportunos efectos de acordo co previsto nos artigos .31 e concordantes . da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Un saúdo.

Santiago de Compostela

Juan Neiro Pulleiro

Secretario do Tribunal”

En datas próximas reuniranse os membros da Comisión de Avaliación para seguir co seguinte trámite deste procedemento de concurso de méritos de acordo co disposto nas Bases da convocatoria.

O que se comunica para xeral coñecemento

4 de febreiro de 2022.